

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE DECEMBRO DE 2017

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización de venda de accións e cambio de denominación social da sociedade COMSA APARCAMIENTOS SL. Acórdase poñer en coñecemento de Interparking Hispania SA que a venda das accións de COMSA Aparcamientos SL nas UTEs Praza Roxa e Praza Ponte Castro ao seu favor, constitúe unha cesión indirecta dos contratos que esta empresa ten co concello de Santiago para a explotación dos citados aparcamentos polo que, ao non contar coa previa autorización do Concello, carecen de validez xurídica. Requírese a Interparking Ibérica SL a achega de documentación acreditativa da súa capacidade de contratar, así como de solvencia financeira e técnica que se pediu a COMSA nos pregos que rexeron a licitación dos aparcamentos Praza Roxa e Praza Ponte Castro.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de rexeneración de pavimentos de calzada dos viarios de acceso ao estadio de fútbol de San Lázaro (Fernando Casas Novoa - Miguel Ferro Caveiro - Clemente Fernández Sarela). Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 600.131,90 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de seis meses.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto básico e de execución da reparación da calzada da Rúa do Espírito Santo. Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 74.879,94 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de dous meses. A actuación require informe previo da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico, e non se poderá iniciar a execución das obras ata non obter a correspondente autorización.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de mellora da accesibilidade na rúa Bispo Diego Peláez. Apróbase o proxecto, cun orzamento de 229.994,36 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de cinco meses. A actuación deberá contar co ditame favorable da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico previamente á execución das obras.

6.- Proposta da concellería delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do alugueiro do local nº 3 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Servizos básicos. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. O arrendador e o Concello acordan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 614,43 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do alugueiro do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais de Atención ao Cidadá. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. O arrendador e o Concello acordan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 719,41 euros.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga do alugueiro do local nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais do Rexistro xeral. Acórdase prorrogar o contrato de alugueiro polo prazo dun ano,

a contar desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 31 de decembro de 2018. O arrendador e o Concello acordan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 719,41 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas polo saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

10 a 73.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

74.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade dando conta da concesión dunha subvención da Xunta de Galicia para a promoción da igualdade cofinanciada polo Fondo social europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020. Dase conta da concesión dunha subvención da Secretaría Xeral de Igualdade por importe de 45.000 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do proxecto de rexeneración de pavimentos de calzada dos viarios de acceso AO Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Miguel Ferro Caveiro-Fernando de Casas Novoa). Apróbase o proxecto, cun orzamento máximo de licitación de 273.204,90 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de tres meses.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática para dar conta da interposición de recursos contra os acordos da Xunta de Goberno relativas á adxudicación do Subministro para a mellora das instalacións de alumeadado público nos accesos á cidade, nas súas fases II, III, e IV. Dase conta dos recursos presentados pola empresa ESELED Consulting SLU, que deixan en suspenso a tramitación dos expedientes.

3.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación da xustificación do convenio entre o Concello de Santiago e o Club Triatlón Santiago. Apróbase a proposta.

4.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza das Obras incluídas no proxecto básico e de execución de acondicionamento dunha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil de Angrois. Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza do Servizo de Mantemento e conservación dos terreos de xogo dos campos de fútbol de San Lázaro I, San Lázaro II e zonas verdes anexas do campo de Santa Isabel e San Lázaro (SERGAS). Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza do Servizo de redacción do proxecto de urbanización da zona de contacto entre o SUNP-6 e o PERI-5 de San Lázaro. Apróbase a proposta.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á adxudicación do contrato de Subministro e equipos de protección individual de loita contra o lume e de condicións climatolóxicas adversas para o persoal do servizo de extinción de incendios do Concello de Santiago, LOTE I: Traxes de protección, LOTE II: Roupas de augas e para condicións climatolóxicas adversas. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa El Corte Inglés SA, única proposta presentado para o Lote I, para o que oferta un importe de 62.784,48, IVE incluído; e a Comercial ULSA SA, única proposta admitida para o Lote II, para o que oferta un importe de 25.881,9 euros, IVE incluído.